




EXTREMA as precaucións
se tes que usar **MATERIAL**
CURTO PUNZANTE

NUNCA lle volvas poñer o capuchón
ás agullas

NON deixes este material abandonado

USA un contedor rixido para
desbotalo



USA LUVAS

- Se a túa pel non está intacta (feridas sen cicatrizar, cortes, queimaduras, úlceras...)
- Se podes ter contacto con sangue, fluídos corporais, secrecións e obxectos contaminados
- Antes de tocar membranas mucosas e pel danada (sempre luvas limpas)

**Cámbiaas despois de tocar calquera material
contaminado**

Retíraas e LAVA AS MANS DESPOIS DO USO



LAVADO DE MANS (CON AUGA E XABÓN)

- Se houbo contacto con fluídos e excrecións corporais (durante o aseo e limpeza, por exemplo)
- Sempre que se puidese ter contacto con sangue (ao facer curas, limpar feridas...)
- En canto quites as luvas



USA BATA OU OUTRA ROUPA PROTECTORA

Cando poidas mancharte con sangue ou outros fluídos e excrecións corporais da persoa que atendes

**Debes cambiala se pasas a atender
outra persoa**

**Cámbiate de roupa ao acabar a
xornada**



USA MÁSCARA E LENTES

Se podes salpicarte de
sangue, fluídos ou excrecións
corporais



ATENCIÓN ÁS VACINAS

- Están indicadas as da hepatitis B e da gripe
- A empresa débete ofrecer as adecuadas
- Sé responsable e segue as pautas de vacinación



PREVENCIÓN DE RISCOS BIOLÓXICOS NO COIDADO DAS PERSOAS CON DEPENDENCIA

issga.xunta.gal



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSGA
INSTITUTO DE SEGURIDADE
E SAÚDE LABORAL DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

